

REGULAMENTO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES E OFICIAIS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON E PÉNTATLON MODERNO

PREÁMBULO – EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Estatutos da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno (a partir de agora denominada FEGATRI) contemplan no Título IV, Capítulo I e III, a existencia do comité Galego de Xuíces como Órgano Técnico e de Asesoramento da Federación.

Resulta preciso establecer un correcto marco regulador e de funcionamento do comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI, por ser un órgano técnico subordinado á disciplina da citada federación deportiva que coidará da captación, formación e organización dos xuíces/oficiais no ámbito galego e coidará do cumprimento das regras de xogo, a supervisión e control técnico das competicións que se organizan baixo o seu amparo.

Po lo anterior, elaborase este Regulamento de réxime interno co que se regulará o funcionamento do comité, os dereitos e obrigas de todos os membros do estamento de Xuíces-Oficiais e o réxime disciplinario para os seus membros, cando se trate de infraccións de orde técnica e disciplina interna.

Para a súa elaboración tómase como referencia o Regulamento do comité Nacional de Jueces y Oficiales da Federación Española. Seguindo as súas directrices, no presente regulamento, pasa a denominarse Comité ao Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI.

CAPÍTULO I.- CONSTITUCIÓN

Artigo I.

Segundo o artigo 71 dos estatutos da FEGATRI, o Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI é o Órgano Técnico da Federación, que ten ao seu cargo a captación, formación e organización do colectivo.

Artigo II.

O Comité de Xuíces e Oficiais estará subordinado á FEGATRI e sometido aos seus estatutos, e ao resto de disposicións normativas que resulten de aplicación ás federacións deportivas da Comunidade Autónoma e de Galicia

Artigo III.

O Comité Galego de Xuíces e Oficiais da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno ten como obxecto:

1. A dirección e organización das actividades arbitrais de todas as competicións cuxa competencia sexa da FEGATRI e todas aquelas competicións que se desenvolvan baixo os Regulamentos da citada federación.
2. A interpretación e aplicación uniforme do Regulamento de Competicións.
3. A apreciación correcta dos resultados das Competicións Oficiais.
4. A regulación dos dereitos e obrigas dos Xuíces/Oficiais.
5. A formación e promoción dos Oficiais nos niveles autonómicos 1 e 2.
6. A proposta ao Comité Nacional de Xuíces e Oficiais da Federación Española, seguindo as súas directrices, de promoción dos Oficiais da FEGATRI que cumpran os requisitos mínimos esixidos para realizar dos cursos de Oficial Técnico superior.
7. Colaborar e dar conta dos acordos aos distintos órganos competentes da Federación.

Artigo IV.

O domicilio do comité Galego de Xuíces e Oficiais será o mesmo que o da FEGATRI.

CAPÍTULO II.- DAS FUNCIÓNS DO COMITÉ

Artigo V.

Son funcións do Comité de Xuíces e Oficiais:

1. Establecer as normas que deben rexer para a designación e convocatoria dos Xuíces e Oficiais nas competicións en que a FEGATRI sexa competente. Enténdense como probas competentes da Federación Galega de Tríatlon aquelas incluídas no seu calendario oficial. Poderanse designar Oficiais Autonómicos Nivel 2, para realizar as funcións de Delegado Técnico en competicións de ámbito autonómico así coma nos Campionatos Galegos. Contemplado e aprobado pola Federación Española
2. Propoñer á Federación Española Xuíces e Oficiais elixibles para aquelas competicións nas que isto sexa requirido desde o Comité Nacional de Jueces y Oficiales
3. Establecer os plans e programas de formación dos Xuíces e Oficiais nas súas diferentes categorías autonómicas, Nivel 1 e Nivel 2.
4. Coordinar os cursos de formación así como todos as reciclaxes, actualización e especialización que estime oportunas.
5. Programar, dirixir coloquios e publicacións didácticas de difusión co fin de ampliar coñecementos e unificar criterios de aplicación do Regulamento de Competicións.
6. Propoñer as normas administrativas que regulan a arbitrase e a contía dos dereitos de arbitrase, dietas e gastos de desprazamento dos Xuíces e Oficiais para a súa aprobación pola Xunta Directiva da FEGATRI e posterior elevación e aprobación da Asemblea Xeral.

7. Exercer a través dos Oficiais a potestade disciplinaria deportiva no desenvolvemento de cada competición.
8. Recoller dos Xuíces e Oficiais os preceptivos informes de cada competición.
9. Facer cumprir o regulamento de competicións e informar aos seus membros das modificacións que se produzan no mesmo e dos criterios uniformes na súa interpretación.
10. Levar ao día os rexistros e ficheiros dos oficiais, as súas actuacións, renovacións e datos complementarios.
11. Informar á Xunta Directiva da FEGATRI de todos os seus acordos.
12. Calquera outras que lle sexan delegadas, ou lles sexan atribuídas polos Estatutos ou regulamentos federativos o pola lexislación e normativa Deportiva da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO III.- DOS MEMBROS. DEREITOS E DEBERES

Artigo VI.

Serán membros do comité de Xuíces e Oficiais da FEGATRI todas aquelas persoas que cumpran as seguintes condicións:

1. Ser español, ou membro de calquera país afiliado a ITU.
2. Ter ao menos 16 anos de idade.
3. Posuír o Título de Oficial ou xuíz, no seu caso, ou no seu caso o de Oficial especialista Clasificador de Paratriatlón.
4. Ter actuado como tal nalgunha competición.
5. Posuír a licenza federativa de oficial/xuíz do ano en curso a través da FEGATRI.

Artigo VII.

Son dereitos dos membros do comité de Xuíces e Oficiais da Federación Galega de Tríatlón:

1. Ser designados xuíces ou oficiais nas competicións da FEGATRI.
2. Participar nos plans de formación e perfeccionamento que O Comité de Xuíces e Oficiais desenvolva e ser clasificados de acordo a las categorías establecidas.
3. Recibir las compensacións económicas establecidas polo Comité de Xuíces e Oficiais da FEGATRI para cada competición.
4. Recibir as prestacións do Seguro Deportivo da súa licenza nos casos de cobertura previstos.
5. Poder asistir aos cursos de Xuíces e Oficiais nas súas diferentes categorías sempre que posúan as condicións mínimas establecidas e sexan propostos pola Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI.

Artigo VIII.

Son deberes dos membros do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno:

1. Estar en posesión da correspondente licencia federativa de Oficial da FEGATRI.
2. Cumprir e facer cumprir o Regulamento Oficial de Competicións, así coma os acordos dos órganos de representación e de goberno adoptados.
3. Contribuír ao cumprimento das actividades do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI, así como participar nos órganos de representación e goberno cando sexa necesario.
5. Facilitar ao Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI todos os datos persoais, incluíndo o domicilio, número de teléfono e dirección de correo electrónico, para o envío de comunicacións e notificar os cambios.
6. Asistir ás competicións ás que sexan convocados, cumprindo o cometido asignado, salvo causa de forza maior debidamente xustificada e a ser posible comunicalo antes da celebración da competición para a súa debida substitución.
7. Asistir a las xuntanzas a las que sexan convocados por o Comité de Xuíces e Oficiais.
8. Enviar os informes das probas nas que actuasen como Delegado Técnico ou Xuíz Árbitro á Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI, e ao organizador nun prazo dun mes.
9. Estar presente nas competicións, á hora en que fosen convocados.
10. Levar, no desempeño das súas funcións, a uniformidade aprobada polo Comité de Xuíces e Oficiais e o material necesario (silbato, tarxetas..).
11. Dirixirse, no exercicio das súas funcións, de forma adecuada e respectuosa (que se di e como se di) a deportistas, voluntarios, pais e/ou nais e outros oficiais.

Artigo VIII/B.

Os oficiais estarán sometidos ao Regulamento do Comité de Disciplina e a calquera falta e penalización establecida no mesmo e ademais régulanse as seguintes faltas e penalizacións no exercicio das súas funcións e deberes:

Penalización por non comparecencia:

Caso de estar convocado/a a unha competición e non presentarse nin informar da non comparecencia, o Oficial incorrerá en infracción de carácter grave e poderá estar o resto da temporada sen ser convocado a unha competición para actuar como tal.

Penalización por non asistir ás xuntanzas ou cursos ás que sexan convocados:

Incorrerán en falta grave, tal e como está tipificado no Regulamento do comité de Disciplina FEGATRI.

Penalización por non enviar os informes en prazo:

O/A Oficial que non envíe no prazo dun mes o informe correspondente a unha proba terá menos designacións como Delegado/a Técnico/a en a tempada seguinte.

Penalización por suspensión de proba sen causa acreditada xustificada:

O/A Oficial que suspenda una proba sen a oportuna acreditación que xustifique a decisión incorrerá en falta grave.

Penalización por impuntualidade nas competicións:

Nas dúas primeiras competicións nas que o oficial chegue tarde á reunión previa, sen unha causa debidamente xustificada, que será valorada pola Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI, reduciranse os dereitos de arbitraje na seguinte proporción:

- 15 minutos: 15€
- 30 minutos: 25€
- Máis de 30 minutos: sen dereitos de arbitraje

Na terceira e sucesivas veces, o/a Oficial estará seis meses sen ser convocado a unha competición para actuar como Oficial.

Penalización por no cumprir coa uniformidade:

A primeira vez, o Oficial será avisado e a Xunta Directiva do comité de Xuíces e Oficiais deixará constancia por escrito.

A segunda vez, reduciranse os dereitos de arbitraje en 15€.

A terceira e sucesivas veces, o/a Oficial estará seis meses sen ser convocarse a unha competición para actuar como Oficial.

Penalizacións por mal exercicio nas funcións de Oficial:

Na competición na que o Responsable de oficiais da FEGATRI, o/a Delegado Técnico o/a Xuíz Árbitro da mesma, considere que algún oficial convocado para a competición, amosa unha actitude de deixo de funcións, pasividade ou falta de respecto cara outras persoas nas súas funcións, a actitude será valorada pola Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI, adoptando as seguintes sancións:

- Primeira vez: 1 mes sen ser convocado.
- Segunda vez: 3 meses sen ser convocado.
- Sucesivas: 1 ano sen ser convocado e informe ao Comité Nacional de Jueces y Oficiales

CAPÍTULO IV.- DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**SECCIÓN 1ª.- COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES E OFICIAIS DA FEGATRI****Artigo IX.**

Seguindo os estatutos da FEGATRI e a normativa nacional, os órganos de goberno do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI formaranos:

1. O Presidente/a, cuxo nomeamento e cese será feito libremente polo/a Presidente ou Presidenta da Federación. Para o anterior nomeamento, poderá asesorarse co estamento de xuíces na maneira que considere máis oportuna. Para ostentar o cargo de Presidente ou Presidenta do Comité Galego de xuíces non será necesario ser xuíz.
2. A Xunta Directiva do Comité, que estará composta por un número impar de membros, non inferior a 1 ni superior a 12. Todos los cargos serán honoríficos y, por lo tanto, non retribuídos. Dicha Xunta, contará, como mínimo, con:
 - El presidente
 - Un Secretario
 - Vogais

SECCIÓN 2ª.- DO PRESIDENTE O DA PRESIDENTA

Artigo X.

1.- O presidente ou presidenta do Colexio Galego de Xuíces e Oficiais será membro nato da Xunta Directiva Art. 60 dos Estatutos da FEGATRI e terá as seguintes funcións

1. Representar ao Comité en todos os actos e órganos nos que sexa requirida A presenza do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI.
2. Coordinar e estimular a actividade do Comité, facendo propostas e asinando a documentación necesaria.
3. Nomear ao resto dos membros da Xunta Directiva do Comité libremente de entre os xuíces e oficiais integrados na Federación.
4. Realizar aquelas funcións que polo seu cargo lle poidan corresponder.
5. Delegar funcións noutros membros do Comité.

SECCIÓN 3ª.- DO SECRETARIO OU DA SECRETARÍA

Artigo XI.

Son funcións do Secretario/a:

1. Desenvolver as funcións que o Presidente lle encomende.
2. Levantar acta de todas as xuntanzas da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI e emitir copia aos compoñentes da mesma e á Xunta Directiva da FEGATRI.
3. Levar ao día os Rexistros e ficheiros de Oficiais, as súas actuacións, renovacións e datos complementarios.

SECCIÓN 4ª.- DOS E DAS VOCAIS

Artigo XII.

Son funcións dos vocais:

1. Desenvolver as funcións que por acordo se decidisen no Comité.
2. Participar nas xuntanzas que se convoquen.
3. Realizar as funcións que o Presidente/a lles encomende.

SECCIÓN 5ª.- COMPETENCIAS DA XUNTA DIRECTIVA DO COMITÉ DE XUÍCES E OFICIAIS E CONVOCATORIAS DA MESMA

Artigo XIII.

As competencias da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI son:

1. Resolver cantas dúbidas e interpretacións xurdan na aplicación do Regulamento de Competicións da FETRI.
2. Facer as designacións de DT, DTA, JA e JAA, oficiais que correspondan con antelación suficiente.
3. Convocar os cursos de formación de nivel autonómico 1 e 2.
4. Convocar seminarios, conferencias, xornadas técnicas e xuntanzas tendentes a conseguir a actualización dos Oficiais.
5. Aplicar as sancións oportunas aos Oficiais.

As sesións da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI serán convocadas polo Presidente/a cunha antelación dunha semana, salvo supostos de urxencia o necesidade. Os acordos serán adoptados por maioría dos membros, ostentando o voto de calidade quen ostente a presidencia do Comité.

CAPÍTULO V.- DAS LICENCIAS DOS XUÍCES E OFICIAIS

Artigo XIV.

O período de validez das licencias con todos os seus dereitos e obrigas, comeza o día 1 de xaneiro de cada ano ou tras a súa expedición, e a súa validez conclúe o 31 de decembro do mesmo ano, independentemente de súa data de tramitación.

Artigo XV.

Aqueles oficiais de Nivel autonómico, nivel1 e Nivel 2 que tras un período de inactividade dunha tempada ou máis, por causas imputables aos mesmos, desexen renovar a súa

licencia, deberán realizar o curso de reciclaxe que se determine por parte da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI para alcanzar a concesión da mesma.

CAPÍTULO VI.- DOS OFICIAIS E AS CATEGORÍAS

Artigo XVI.

Os Oficiais poderán ter as seguintes categorías:

OFICIAL ASPIRANTE: Quen tendo realizado unha formación teórica, actúa en prácticas baixo a supervisión dun titor ou titora

Os e as oficiais aspirantes, para poder obter a licencia de xuíz/ oficial deberán superar tres prácticas en competicións para as que fosen convocados como tales. Ditas prácticas deberán realizarse no prazo máximo de dúas tempadas se o curso se realiza ao fin dunha ou na mesma se o curso se realiza ao comezo da tempada, de maneira que a 31 de decembro do ano seguinte en que realizase o curso deberá terse completado e certificado as prácticas polo Comité de Oficiais da FEGATRI.

A FEGATRI tramitará aos e as aspirantes un seguro de un día, para a realización das prácticas.

Aqueles aspirantes que non obteñan a licencia por no ter superado as prácticas perderán a condición de oficiais aspirantes e deberán realizar un novo curso de nivel 1 aboando os correspondentes dereitos económicos.

• **OFICIAL TÉCNICO NIVEL 1.**

• **OFICIAL TÉCNICO NIVEL 2.**

Perderase a condición de Oficial **de calquera nivel**, por:

1. Ter sido sancionado con inhabilitación ou suspensión pola comisión dunha ou máis faltas que leven aparelada dita inhabilitación ou suspensión de conformidade co regulamento de disciplina.
2. Non actuar en competicións en dous anos consecutivos se tendo recibida designación , renunciou todas as ocasións.
3. Non responder aos correos de convocatorias das probas tres veces seguidas ou cinco alternas.

Así mesmo, a estrutura e activación de niveis e a emisión de licencias estará regulada da seguinte forma:

Oficiais de **Nivel 1** que non renoven a licenza na temporada seguinte á realización do curso, perderán a categoría para poder arbitrar e terán que realizar un novo curso de formación ou actualización para activar a mesma.

Oficias de **Nivel 1** que tendo renovado a licenza non actúen en ningunha competición durante toda a temporada sen motivo xustificado, terán que realizar obrigatoriamente o curso de reciclaxe que anualmente se convoque pola Federación Galega de Tríatlon.

A causa xustificada que eximirá da realización de dito curso de reciclaxe será apreciada pola Xunta Directiva do Comité de Oficiais a instancia do oficial interesado, que deberá alegar o que considere a efectos de xustificación.

Non poderá ser apreciada causa xustificada cando tivese mediado mala fe por parte do oficial ou ben cando non tivera respondido a ningunha convocatoria das que se realicen polo Comité de Oficiais ou se houbese renunciado a máis de tres convocatorias expresas, incluso en casos xustificadas.

Oficiais **Nivel 2** que non renoven a licenza federativa durante dous anos consecutivos deberán facer unha actualización do nivel, seguindo a programación de formación do Comité para poder actuar como Delegados Técnicos ou Xuíces árbitro.

CAPÍTULO VII.- UNIFORMIDADE DOS OFICIAIS

Artigo XVII.

O uniforme aprobado polo Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI componse de :

- Camiseta ou polo azul *royal*.
- Chuvasqueiro ou chaqueta azul *royal*.
- Pantalón escuro.
- Calzado cerrado.

Esta uniformidade poderá ser modificada pola FEGATRI a proposta do Comité de Oficiais por acordo cos correspondentes órganos de decisión.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Seguindo os Estatutos da FEGATRI:

Este borrador de Regulamento do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI, presentouse á Xunta Directiva da FEGATRI e foi aprobado en xuntanza de 10 de outubro de 2019, para a súa posterior elevación e aprobación pola Asemblea Xeral, quen poderá introducir modificacións ou rexeitar, de xeito motivado, o borrador de Regulamento proposto

A Xunta Directiva, en calquera caso poderá propoñer á Asemblea Xeral as modificacións do Regulamento de Réxime interno que estime oportunas.

O presente documento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral da FEGATRI e a correspondente publicación.

Una vez aprobado, poderá ser modificado o reformado a petición da Xunta Directiva do Comité de Xuíces e Oficiais, así como de calquera outro órgano de goberno da FEGATRI. Neste último caso, será preceptivo o informe do Comité Galego de Xuíces e Oficiais da FEGATRI. As eventuais modificacións ao presente Regulamento precisarán igual tratamento para a súa aprobación que este